



DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL
DELEGACIÓN DIOCESANA DO CLERO
R./ Miramar s.n. Apdo. 176 - 15480 - Ferrol
981 353 892 – 670 248 594
delegacionclero@mondonedoferrol.org

Ferrol, 20 de febreiro de 2023

Estimado compañeiro sacerdote: recibe antes de nada un saúdo fraterno.

Nesta Coresma que imos reemprender un ano máis e que simultaneamente é “camiño coresmal e sinodal” (Mensaxe do Papa Francisco), convócate ao **RETIRO** que imos ter nas seguintes datas, dirixido polo noso Bispo:

- luns 27, ás 10:30 hs., en Mondoñedo (Seminario)
- martes 28, ás 10:30 hs. en Ferrol (Parroquia de Caranza).

Temos a posibilidade de quedarnos para comer, pero hai que avisar ao Seminario (982 521000) ou na Domus (981 353295) ou a min (670248594).



Tamén para os LEIGOS hai un **RETIRO CORESMAL** que organiza a Vicaría para a Sinodalidade:

- En Ferrol, Parroquia do Rosario, o domingo 26, de 17 a 19 hs.
- En Mondoñedo, Seminario, o sábado 4, de 11 a 13 hs.

Debemos animalos a participar. Seguro que non so o necesitan, coma os demais, senón que mesmo o agradecerán.

Aproveito tamén para anunciar neste apartado a celebración dun **CURSIÑO de CRISTIANDADE** mixto, que vai ter lugar no Seminario de Mondoñedo do 3, venres, a partir das 20 hs., ata o 5, domingo, ás 20 hs. Para inscribirse avisar ao Seminario.

E sen máis, polo agora, feliz e proveitosa Coresma. Recibe un cordial saúdo.

Antonio Rodríguez Basanta